



# Normas e protocolo para a escollo do alumnado participante no programa Erasmus+

Para escoller o alumnado participante no programa Erasmus+, seguiranse as seguintes normas:

## **PRIMEIRA. Será motivo de exclusión de participación:**

1. Subministrar datos falsos ou incompletos na solicitude de participación.
2. Presentar a solicitude fóra de tempo ou forma.
3. Ter sido expedientado no presente curso académico.
4. Necesitar concorrer á convocatoria extraordinaria. **Salvo que se dean TODAS as seguintes circunstancias:**
  1. Que exista tempo (a duración do programa Erasmus+ o permita).
  2. Non haxa alumnos dispostos a facer as prácticas fóra e, polo tanto, haxa unha vacante no período extraordinario de matrícula.
  3. A Xunta de Avaliación así o decida.
5. Acumular un total de dúas ou máis faltas de orde no presente curso académico. Neste caso, a xunta de avaliación decidirá se excluír ou non a/o candidata/o.
6. Ter actitudes claramente contrarias á convivencia, ás leis ou ás boas costumes de xeito que poñan en cuestión a imaxe do instituto. Tales actitudes deberán quedar claramente documentadas: medios, prensa, informes, falta de orde grave ou moi grave. No caso que se dea este punto, tomarase a decisión na xunta de avaliación.
7. Ter firmado un compromiso de participación anterior e non telo atendido. Para isto a xunta de avaliación terá en conta as circunstancias persoais e familiares do alumno.
8. Para fomentar o intercambio cultural, de ideas e os principios do programa erasmus+, o alumno non poderá facer o erasmus no país do que é orixinario, salvo que exista unha praza vacante e así o decida a xunta de avaliación e tal eventualidade sexa permitida dentro do programa erasmus+.
9. Ter sido excluído no medio da estadía de programas erasmus+ por motivos de comportamento, ter sido expulsado do país ao que quere ir ou lesionar gravemente os intereses de países, centros educativos ou empresas.

A xunta de avaliación estará formada polo equipo docente de cada ciclo e mais a persoa encargada da dinamización dos programas internacionais. Opcionalmente





poderá asistir unha persoa do departamento de orientación (FOL ou orientación) e un membro do equipo directivo.

## **SEGUNDA. Reparto de prazas por grupos (opcional):**

Debido a que este punto pode xerar controversia resulta importante motivalo: No IES existen dous ciclos con distintas realidades sociais e humanas, un de grao medio e outro de grao básico. O nivel de ambos e as situacións persoais e familiares do alumnado **simplemente non son comparables**. Co fin de evitar a discriminación e tratar de realizar unha educación inclusiva, poderase optar por repartir as prazas previamente entre os grupos, de xeito que, de existir interesados en participar no erasmus+ nos dous grupos, teñan ambos os dous as mesmas posibilidades.

Primeiro realizarase unha reunión cos grupos para ver cantos interesados hai nos destinos dispoñibles. De detectarse unha alta concorrencia e a posibilidade que un ciclo quedase sen prazas, poderíase decidir un reparto previo de prazas para cada grupo. Neste reparto terase en conta:

- 1) Número de alumnado matriculado en segundo ano de cada un dos ciclos
- 2) Adecuación dos destinos ao tipo de alumnado (por idiomas, proximidade, condicións persoais e familiares do alumnado, idade e criterios pedagóxicos que serán adecuadamente reflectidos na acta de reunión).

A decisión do reparto previo de prazas entre grupos terá lugar nunha reunión especial dun equipo didáctico específico. Nesta reunión, as xefaturas de departamento (ou, se non dan clase no grupo, un docente designado polas xefaturas de entre os que imparten clase no grupo) xunto con orientación e un membro do equipo directivo tomarán a decisión baseada nos criterios anteriores. A esta reunión tamén asistirá a persoa responsable de dinamización de proxectos internacionais con voz e voto.

Estes criterios poderán cambiar de ano a ano debido á casuística do alumnado e sempre para evitar a exclusión e favorecer que vaian alumnos de ambos os dous grupos.

Exemplo: nun grupo hai dous interesados pero só poden ir a Portugal e no outro hai tres interesados a Polonia e Portugal. De haber dúas prazas, poderíase decidir outorgar unha a cada grupo.

O reparto de prazas é unha medida excepcional que debe quedar claramente reflectido e argumentado na acta de reunión. As conclusións desta acta faranse públicas para maior transparencia, por motivos prácticos e de tempo, esta decisión non será apelable. Non obstante, de existiren circunstancias posteriores que motiven o non reparto de prazas, a decisión poderá ser revogada nunha futura reunión.

## **TERCEIRA. Cando existan varias peticións, para os mesmos destinos:**

Estas dirimiranse da forma máis obxectiva posible e tendo en conta as circunstancias do grupo e do alumnado solicitante.





Para cada destino elaborárase unha lista ordenada de maior a menor puntuación. A puntuación virá determinada por:

Baremo	Peso
Expediente académico	40 %
Coñecemento do idioma inglés mediante proba	15 %
Coñecemento do idioma local do país	20 %
Valoración da xunta de avaliación	25 %

Cada un dos elementos avaliarase de 0 a 10 sendo 10 a puntuación máis alta. O baremo final será a media ponderada simple. Como vemos, de acreditarse o coñecemento do idioma local (mediante certificado de Escola Oficial de Idiomas ou similar admitido como válido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria) o baremo cambiará en función do destino. Ademais a xunta de avaliación tamén poderá votar en función do país (ver criterios máis adiante).

Polo tanto, por cada destino sairá unha lista de candidatos ordenados por puntuación de baremo. Non se baremarán aqueles destinos non solicitados polos candidatos, pero de sobrar algún, serán ofrecidos con posterioridade en orde aos candidatos que os soliciten posteriormente.

Para a valoración da xunta de avaliación, cada persoa nesta reunión emitirá unha nota en, polo menos, cada un destes aspectos por cada alumno e destino:

- Grao de madurez
- Motivación profesional
- Utilidade da saída (en particular se non gozou doutro programa similar)
- Adecuación do destino á persoa
- Outras posibles características suxeridas por algún membro da xunta de avaliación, secundadas por outra persoa e aprobadas por maioría simple na xunta.

Cada un dos puntos terá unha puntuación de 0 a 10 e farase a media de todos eles. Quedará reflectida a media global total de cada destino e alumno, pero non os votos individuais de cada membro da xunta nin a media por categorías.

Se na reunión se decidiu valorar algún outro punto, deberá ser recollido na acta e darlle publicidade ao mesmo.

Tras a publicación do baremo, ábrese un prazo de 48 horas hábiles para reclamacións da puntuación (ou do exame da proba de nivel) co fin de evitar erros, motivar a decisión e dar máis transparencia, se couber, ao proceso.

Os alumnos estarán obrigados a escoller o primeiro destino solicitado asignado.

*Exemplo:* O alumno "Xoan" pide por esta orde: Portugal, Francia e Italia. En Portugal gáñalle por baremo outro compañeiro, pero en Francia queda el de primeiro. "Xoan" volveuno pensar e decide "Se non me dan Portugal, prefiro Italia". Neste caso ten dúas opcións: ou ir a Francia porque o pediu antes ou renunciar á mobilidade erasmus+.





#### **CUARTA. Outras consideracións**

De existiren vacantes de prazas non cubertas por alumnado que vaia facer as prácticas FCT, poderase decidir entre o equipo directivo e a persoa encargada da dinamización dos proxectos internacionais outorgar esas prazas a outro alumnado que cumpra cos requisitos para realizar a mobilidade.

Calquera outra continxencia ou circunstancia que non quede reflectida no presente protocolo, será tratada en xunta de avaliación ou, de precisarse, en claustro.

